

Si quieres que arda Baiona

Escrito por Anxo Rodríguez Lemos
Luns, 16 Outubro 2017 15:46

Si quieres que arda Baiona,

préndele fuego al Castillo

y verás como combaten,

tú corazón con el mio.



Unha maldita canción que se fixo realidade, que fixo combater os corazóns dos baioneses e baionesas que, cos poucos medios existentes, se enfrentaron a un lume que viña a por nós, que nos cercou en cuestión de horas, que nos quixo abafar. A Virxe da Roca puxo capelo, como lembraba o refrán, pero non de néboa, senón dun mesto fume que cubriu a súa cabeza como se da cofia dunha nai que chora polos seus fillos se tratase. Era imposible ver nada máis alá daquela angustia que oprimiu ás xentes do Barrio da Anunciada (Corea), de Almirante Fontán (O Chaparral) ou de calquera outra parroquia deste Val de Miñor que temeu polas súas casas, as súas vidas e os seus seres queridos. Tentaron rodearnos como cando o lobo caía no foxo e ouveaba pedindo socorro pero novamente houbo unión, a unión dun pobo do que nos podemos sentir ben orgullosos, onde se deixaron atrás vellas xenreiras de loitas entre nós para, baixo unha mesma cadea humana, facer *contralume* ás bafaradas que o devastaban todo na Longueiriña, no camiño da Barxiela ou en calquera punto daquela afumada Covaterreña, por debaixo da Tomada Aberta.

Si quieres que arda Baiona

Escrito por Anxo Rodríguez Lemos
Luns, 16 Outubro 2017 15:46

A autopista fixo de tiro, de tiro da cociña dunha casa que onte foi queimada e todos a viron botar fume entre grandes *balforadas* de vento, de *bocanadas* de aire quente que con gran forza empurraron cara un lado e outro un lume que quedou á mercé dun vento cambiante. Moitas bágoas correron onte polo Regueiro da Louzán camiño da parroquial de Baíña onde, Santa Mariña, imaxinou o seu martirio dentro daquel forno onde foi queimada.

Só restan *fornalleiras* dende A Pinisa ao Aro da Forca, das Siareiras ao Pinal, da Corte das Ovellas á Volta do Cesto, do Cruceiro de San Antón ao Pino Manso pasando polo Portelo da Escaleira, A Bouza Fariña ou O Ulleiriño. Todo está queimado. Hoxe á mañá, só un coelliño á porta da súa *touba* no monte da Carabela vixiaba, como sentinela, o desolador panorama por onde antes de onte brincaba coa súa familia. Estaba só, quizais amedrentado por terse agochado entre os restos das pedras da vella canteira daquel monte. Mudaron o seu hábitat natural pola cinza dun inferno que aínda vía nos seus tristes ollos, aqueles cos que viu a quen lle plantou lume a súa casiña e tamén aos que lla viñeron a apagar. Fuxiron os mouros do Monte Castelo en Parada, botou a voar o *brión* de Vincios, chorou A Alba en Valadares, mudou de cor San Xosé en Chandebrito, soou a campá de ouro da Cova de Abal en Priegue, pecháronse as portas das minas todas que gardan os nosos tesouros porque, o maior de todos, acabamos de perdelo. O monte.

Dende o alto, as gaivotas ollaban a devastación da máis fermosa comarca de Galicia mentres, a silenciada campá da colexiata, desexaba tocar a arrebatado para unir máis forzas, máis folgos para enviar ao pavillón de Panxón, a Camos, a Chandebrito, a Coruxo, a Saiáns, a Priegue, a Vincios, a Comesaña, a Navia, a San Xián, á Guarda ou ao Rosal. Hoxe todos volvemos a ser uns, como cando hai 15 anos o afundimento do *Prestige* encheu de chapapote o noso mar. Coas mesmas mans negras agora cheas de cinza da nosa terra, berraremos todos xuntos NUNCA MÁIS!